



DECLARACION INSTITUCIONAL DE CONDENA DO CRIME MACHISTA DUNHA VECIÑA DO NOSO CONCELLO.

A XUNTA DE PORTAVOCES DOS CATRO GRUPOS POLITICOS QUE CONFORMAN O PLENO DESTE CONCELLO, EN RELACIÓN CO CRIME MACHISTA DE VIRGINIA FERRADAS VARELA COMETIDO NA NOITE DE ONTE NO CARBALLIÑO VEN DE ACORDAR A DECLARACIÓN QUE SEGUE:

1. CONDENAR SEN PALIATIVOS ESTE NOVO CRIME SEN SENTIDO CONTRA A VIDA DAS MULLERES QUE SE VEN DE PRODUCIR.
2. ADICAR UNHA SENTIDA E DOLOROSA LEMBRANZA Á MEMORIA DE VIRGINIA E DE TODA-LAS MULLERES ASASINADAS POR VIOLENCIA DE XENERO.
3. MANIFESTAR O NOSO RECHAZO FIRME CONTRA CALQUERA EXPRESION DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES EN CALQUERA DAS SÚAS DIMENSIÓNS.

ASÍ COMO TOMAR O SEGUÍNTE ACORDO UNANIME:

1. DECLARAR DOUS DÍAS DE LOITO OFICIAL EN RECORDO DA NOSA VECIÑA VIRGINIA.
2. POÑER AS BANDEIRAS DO CONCELLO A MEDIA ASTA CON CRESPÓN NEGRO POR ESE MESMO PERIODO.
3. CELEBRAR UN ACTO DE RECORDO NA MEMORIA DA NOSA VECIÑA CON CINCO MINUTOS DE SILENCIO NA PRAZA MAIOR MAÑÁ 31 DE XANEIRO AS DOCE HORAS.

